

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 156/2025, de data 19.02.2025, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA DO POSTO DE POLICÍA LOCAL

Expediente: 2025/E001/000001; 2025/G003/000138; 2025/G003/000175

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 40/2025 do 20.01.2025, aprobáronse as bases para a cobertura mediante comisión de servizos voluntaria do posto de policía local no departamento de Seguridade, ao abeiro do art. 96 da LEPG (Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia). A tal efecto publicouse no BOP núm. 18 do 28.01.2025 un anuncio de dita convocatoria.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 126/2025 do 11.02.2025, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas e outorgouse un prazo de dous días hábiles para emendas. A dita resolución foi publicada o 13.02.2025 no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

Consta no expediente informe de rexistro de data 18.02.2025 no que refire que durante o período comprendido entre o 14.02.2025 e o 17.02.2025 non figura rexistrado ningún escrito de alegacións á lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Visto o que antecede e consonte ao disposto na base cuarta das bases reguladoras do proceso de selección e as competencias da Alcaldía establecidas no artigo 21.1.h) da LBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se relaciona a continuación:

Persoas aspirantes admitidas: Non constan
Persoas aspirantes excluídas: Non constan

SEGUNDO.- Declarar deserto o proceso de selección para a cobertura mediante comisión de servizos voluntaria do posto de policía local, ao non recibir ningunha solicitude de participación no mesmo, dentro do prazo establecido ao efecto.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

CUARTO.- Dar traslado desta resolución ao departamento de Persoal e á Xunta de Persoal, para coñecemento e efectos oportunos.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 19.02.2025 polo alcalde Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.